VSC-B1.3	2º-VSCB1.3.1 - Asume as súas responsabilidades durante a colaboración.	Asume as súas responsabilidades durante a colaboración.	X			<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Diario de clase.</p>	CSC CSIEE
VSC-B1.3	2º-VSCB1.3.2 - Realiza, respondendo a preguntas de persoas adultas, unha autoavaliación responsable da execución das tarefas.	Realiza, respondendo a preguntas de persoas adultas, unha autoavaliación responsable da execución das tarefas.	X			<p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Entrevista.</p>	CSCC AA
VSC-B1.4	2º-VSCB1.4.1 - Utiliza o pensamento creativo na formulación de propostas de actuación.	Utiliza o pensamento creativo na formulación de propostas de actuación ante situacións sinxelas.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Diario de clase.</p>	CSC CSIEE
VSC-B1.4	2º-VSCB1.4.2 - Toma iniciativas de actuación durante a colaboración.	Toma iniciativas de actuación durante a colaboración.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Diario de clase.</p>	CSC CSIEE

**PROGRAMACIÓN ANUAL DO 2º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

CEIP O CASTIÑEIRO - CURSO 2022-2023

VSC-B1.5	2º-VSCB1.5.1 - Participa con interese na resolución de problemas escolares.	***Participa con interese na resolución de problemas escolares.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSIEE CSC
VSC-B1.5	2º-VSCB1.5.2 - Define e formula claramente problemas de convivencia.	Define problemas de convivencia habituais.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Entrevista.	CSCC CL
<b>Bloque 2: A comprensión e o respecto nas relacións interpersoais</b>							
VSC-B2.1	2º-VSCB2.1.1 - Expresar con claridade sentimentos e emocións.	Expresar sentimentos e emocións.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Entrevista.	CCL
VSC-B2.1	2º-VSCB2.1.2 - Emprega a comunicación verbal en relación coa non verbal en exposicións orais para expresar opinións, sentimentos e emocións.	Emprega a comunicación verbal en relación coa non verbal para expresar oralmente opinións, sentimentos e emocións.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Entrevista.	CAA CSIEE
VSC-B2.1	2º-VSCB2.1.3 - Emprega a linguaxe para comunicar afectos e emocións con amabilidade.	Emprega a linguaxe para comunicar afectos e emocións con amabilidade.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CCL CSC
VSC-B2.2	2º-VSCB2.2.1 - Emprega a linguaxe positiva.	Emprega, guiado e reforzado polo mestre, unha linguaxe positiva.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CCL CSC

**PROGRAMACIÓN ANUAL DO 2º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

CEIP O CASTIÑEIRO - CURSO 2022-2023

VSC-B2.3	2º-VSCB2.3.1 - Emprega diferentes	Emprega diferentes habilidades sociais básicas (guiado polo mestre nalgunhas delas)		X		PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC
	habilidades sociais básicas.						
VSC-B2.4	2º-VSCB2.4.1 - Identifica distintas maneiras de ser e actuar.	***Identifica e respecta distintas maneiras de ser e actuar.		X		PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asamblea.	CSC CSIEE
VSC-B2.4	2º-VSCB2.4.2 - Identifica necesidades dos compañeiros e compañeiras, resalta as súas calidades e emite cumprimentos.	Identifica necesidades dos compañeiros e compañeiras, resalta as súas calidades e emite cumprimentos.		X		PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC
VSC-B2.5	2º-VSCB2.5.1 - Forma parte activa das dinámicas do grupo.	***Forma parte activa das dinámicas do grupo.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC CSIEE
VSC-B2.5	2º-VSCB2.5.2 - Establece e mantén relacións emocionais amigables, baseadas no intercambio de afecto e a confianza mutua.	***Establece e mantén relacións emocionais amigables cos compañeiros/as de clase.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC CSIEE
<b>Bloque 3: A convivencia e os valores sociais</b>							



**PROGRAMACIÓN ANUAL DO 2º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

CEIP O CASTIÑEIRO - CURSO 2022-2023

VSC-B3.1	2º-VSCB3.1.1 - Establece relacións de confianza cos iguais e as persoas adultas.	Establece relacións de confianza cos iguais e as persoas adultas.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC CSIEE
VSC-B3.1	2º-VSCB3.1.2 - Pon de manifesto unha actitude aberta cara aos demais.	Pon de manifesto unha actitude aberta cara aos demais.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC CSIEE
VSC-B3.2	2º-VSCB3.2.1 - Amosa boa disposición a ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe.	***Amosa boa disposición a ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CAA CSIEE CSC
VSC-B3.2	2º-VSCB3.2.2 - Respecta as regras durante o traballo en equipo.	***Respecta as regras durante o traballo en equipo.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC
VSC-B3.3	2º-VSCB3.3.1 - Coñece e enumera as normas da aula.	***Coñece as normas da aula.			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CCL CSC
VSC-B3.3	2º-VSCB3.3.2 - Pon en práctica procesos de razoamento sinxelos para valorar se determinadas condutas son acordes coas normas de convivencia escolares.	Pon en práctica procesos de razoamento sinxelos para valorar se determinadas condutas on acordes coas normas de convivencia escolares.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC CSIEE

**PROGRAMACIÓN ANUAL DO 2º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

CEIP O CASTIÑEIRO - CURSO 2022-2023

VSC-B3.3	2º-VSCB3.3.3 - Participa na elaboración das normas da aula	Participa na elaboración das normas da aula	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.	CCL CSC CSIEE
VSC-B3.3	2º-VSCB3.3.4 - Respecta as normas do centro escolar.	Respecta as normas do centro escolar.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC
VSC-B3.4	2º-VSCB3.4.1 - Resolve problemas persoais da vida escolar mantendo unha independencia adecuada á súa idade.	***Resolve, con axuda do mestre, problemas persoais da vida escolar mantendo unha independencia adecuada á súa idade.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSCC SC CSIEE
VSC-B3.4	2º-VSCB3.4.2 - Escoita as razón das persoas coas que entra en conflito, compréndelas, na medida das súas posibilidades e exponas oralmente.	Escoita as razóns das persoas coas que entra en conflito e as comprende.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CCL CSIEE CSC
VSC-B3.4	2º-VSCB3.4.3 - Identifica as emocións e os sentimentos das partes en conflito.	Identifica as emocións e os sentimentos das partes en conflito.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC CSIEE

**PROGRAMACIÓN ANUAL DO 2º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

CEIP O CASTIÑEIRO - CURSO 2022-2023

VSC-B3.4	2º-VSCB3.4.4 - Explica conflitos, causas e as súas posibles solucións, tendo en conta os sentimentos básicos das partes.	Explica conflitos, causas e as súas posibles solucións, tendo en conta os sentimentos básicos das partes ( guiado polo mestre)	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Diario de clase.</p>	CSC CCL
VSC-B3.5	2º-VSCB3.5.1 - Representa plasticamente a necesidade da alimentación, a vivenda e o xogo para os nenos e as nenas.	Representa plasticamente a necesidade da alimentación, a vivenda e o xogo para os nenos e as nenas.	X			<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Caderno de clase.</p>	CSC CCAC
VSC-B3.5	2º-VSCB3.5.2 - Explica as consecuencias para os nenos e para as nenas dunha mala alimentación, a falta de vivenda digna e a imposibilidade de xogar.	Explica as consecuencias para os nenos e para as nenas dunha mala alimentación, a falta de vivenda digna e a imposibilidade de xogar.	X			<p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Asamblea.</p>	CSC CL CSIEE
VSC-B3.5	2º-VSCB3.5.3 - Respecta a igualdade de dereitos dos nenos e das nenas no xogo e no emprego dos xoguetes.	Respecta a igualdade de dereitos dos nenos e das nenas no xogo e no emprego dos xoguetes.	X			<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Diario de clase.</p>	CSC

**PROGRAMACIÓN ANUAL DO 2º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

CEIP O CASTIÑEIRO - CURSO 2022-2023

VSC-B3.6	2º-VSCB3.6.1 - Colabora con persoas do outro sexo en diferentes situacións escolares.	***Colabora con persoas do outro sexo en diferentes situacións escolares.		X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Diario de clase.</p>	CSC CCL
VSC-B3.6	2º-VSCB3.6.2 - Realiza diferentes tipos de actividades independentemente do seu sexo	Realiza diferentes tipos de actividades independentemente do seu sexo	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Diario de clase.</p>	CSC CSIEE
VSC-B3.7	2º-VSCB3.7.1 - Valora a importancia do coidado do corpo e a saúde e de previr accidentes domésticos.	Valora a importancia do coidado do corpo e a saúde e de previr accidentes domésticos.	X			<p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Asamblea.</p>	CSIEE
VSC-B3.7	2º-VSCB3.7.2 - Razona as repercusións de determinadas condutas de risco sobre a saúde e a calidade de vida.	Razona as repercusións de determinadas condutas de risco sobre a saúde e a calidade de vida.	X			<p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Asamblea.</p>	CCL CSIEE
VSC-B3.7	2º-VSCB3.7.3 - Expresa as medidas preventivas dos accidentes domésticos máis frecuentes.	Expresa, guiado polo mestre, as medidas preventivas dos accidentes domésticos máis frecuentes.	X			<p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Entrevista.</p>	CCL CSC

## 5.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

A metodoloxía debe ir dirixida ao logro das competencias clave, polo tanto as actividades propostas sempre intentarán acercar o currículo a situacións da vida real.

No proceso de ensinanza- aprendizaxe debemos ter en conta os seguintes principios:

- Partir sempre do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas.
- Asegurar a construción de aprendizaxes a través dos coñecementos previos e da memoria comprensiva.
- Posibilitar que os/as alumnos/as realicen por eles/as mesmos/as aprendizaxes significativas.
- Favorecer situacións nas que os/as alumnos/as deban actualizar os seus coñecementos.
- Proporcionar situacións de aprendizaxe que resulten motivadoras.
- Respetar os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, promovendo o traballo colaborativo.
- Os agrupamentos este curso estarán condicionados polasituación sanitaria polo que a maioría de traballos se realizarán de forma individual ou en gran grupo, facendounhacomposicióncoconxunto de cada un dos traballos do alumnado.
- Establecer mecanismos de reforzo para aqueles/as alumnos/as que presenten dificultades de aprendizaxe.

Sendo coherentes cos puntos anteriores, debemos utilizar basicamente unha metodoloxía activa, motivadora e autónoma.

É importante utilizar sempre unha linguaxe sinxela, clara e ben estruturada na presentación de novos contidos. É igualmente importante que todas as actividades propostas estean debidamente secuenciadas, aparecendo en último lugar as que requiren un maior grao de habilidade e autonomía. O/A alumno/a sempre ten que ter a sensación ou o convencemento de que é capaz de aprender o que se lle propón.

Dado que a lectura é fundamental para a consecución das competencias clave, adicaráse un tempo diario, co fin de desenvolver estratexias de comprensión lectora en distintos formatos e fomentar o hábito lector.

Aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior:

A valoración feita sobre os aspectos considerados fundamentais nas programacións anteriores, fai que resulte necesaria a incorporación dunha serie de estándares de 1º que, por mor da situación de ensino non presencial ao final do pasado curso, non puideron ser traballados nin avaliados de maneira correcta. Serán estándares correspondentes preferentemente as materias instrumentais:

- Dentro das linguas, os correspondentes a lecto-escritura: as sílabas trabadas, a lectura comprensiva, separación de palabras nunha frase e a composición sinxela de pequenos textos serán unhas das prioridades no 1º trimestre deste curso.
- En canto a materia de matemáticas, as moedas, as medidas de lonxitude, capacidade e peso foron os contidos que tampouco se puideron traballar dun xeito presencial e teranse en conta cando abordemos eses contidos no libro de segundo.

A inclusión das probas de avaliación inicial determinarán o desenvolvemento de plans de reforzo co fin de equilibrar o proceso de ensinanza-aprendizaxe do presente curso co anterior, dotando de sentido de continuidade a avaliación. As carencias diagnosticadas deben ser prioridades programáticas, e tendo en conta o carácter continuo do proceso avaliador e autoavaliador, son as que determinarán as medidas metodolóxicas e organizativas para acadar resultados satisfactorios.

**Ensino non presencial:**

No caso de que se producise un novo confinamento por mor da situación sanitaria actual, que afectase ao ensino presencial, recurriríase ao **aula virtual** como medio fundamental para garantir o proceso de ensino-aprendizaxe, constituíndo tamén a principal canle de comunicación coas familias. Ademais, utilizaríanse tamén para as comunicacións escola-familia o correo electrónico,

as chamadas telefónicas e a appAbalarMóbil.

## **EDUCACIÓN FÍSICA**

### Liña metodolóxica:

Os principios metodolóxicos que seguiremos ao longo da programación favorecerán en gran medida o enfoque competencial que se persigue no D. 105/2014, caracterizado polo seu dinamismo e transversalidade. Para iso empregárase unha metodoloxía activa, participativa e individualizada que garantice a adquisición das C.C, a práctica terá un carácter global e lúdico onde o xogo será a columna vertebral de todo o proceso polo seu carácter motivador e socializador. Ademais, utilizaremos metodoloxías basadas no descubrimento, a resolución de problemas, o traballo por retos e a cooperación, potenciarase o uso das TIC, fomentaremos a implicación das familias e manterase unha coordinación constante co resto do profesorado.

En todo momento haberá que garantir a seguridade do alumnado evitando riscos e acondicionando as actividades propostas ao desenvolvemento normal de cada neno/a. O coidado das instalacións e o seu uso, a manipulación correcta dos materiais, a adecuación dos exercicios aos niveis do alumnado,...

son algúns dos factores que inciden no aumento da seguridade na práctica da nosa área.

Aqueles alumnos/as que, por padecer algún problema físico ou enfermidade, non poidan participar nas clases de EF con regularidade, non serán avaliados nese trimestre (ou no curso, se fose o caso).

Aprendizaxes imprescindibles non adquiridas na área de E.F. no curso anterior:

Non se considera que na área de EF, haxa aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior.

Normas xerais para todas as sesións:

- Realizarase psicomotricidade e a EF nas pistas exteriores e porche.
- Utilizar máscara, salvo cando o indique o mestre e se garantan as distancias (xogos puntuais nos que sexa posible evitar o contacto físico e se garanta a distancia de seguridade)
- Lavado de mans frecuente e uso de hidroxel, así como do elemento desinfectador do chan (ximnasio).
- Manter a distancia de seguridade interpersonal na práctica deportiva e nas entradas e saídas, así como evitar o contacto físico.
- Cando se traballe en pequenos grupos respectar os formados na aula.

Cambio de aula ou espazos para EF

O mestre de EF recollerá o alumnado na aula correspondente, que terá posta a máscara.

Dispensaráselle hidroxel antes de saír da aula.

O alumnado formará unha fila en orde respetando o distanciamento.

O mestre acompañará en todo momento ao alumnado polos corredores seguindo as normas establecidas no centro.

Sairán ás pistas exteriores (se o tempo o permite) para comezar a realización da actividade. Cando remate a sesión, o mestre acompañará ao alumnado a súa aula. Previamente, antes do desprazamento, dispensaráselle hidroxel para a limpeza de mans.



Ensino non presencial:

No caso de ser necesario este escenario en función da situación sanitaria do centro e do país, a actividade lectiva levaríase a cabo a través da AULA VIRTUAL do centro.

## 6.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Os materiais e recursos empregados serán o mais variados e enriquecedores posible, dando sempre prioridade ao uso de materiais propios do seu entorno cotiá e por tanto máis significativos para os nenos e nenas.

Os materiais e recursos didácticos utilizados serán:

- Libros de texto e caderniños.
- Libreta.
- Recursos fotocopiabes con actividades de reforzo, de ampliación e de avaliación.
- O CD audio da proposta didáctica para escoitar os contos, nas áreas de Lingua Castelá e Lingua Galega
- Láminas ilustrativas das distintas áreas.
- Material manipulativo propio da área de Matemáticas.
- Material funxible, como cartolinas, rotuladores...
- Biblioteca: consulta, lectura e préstamo de libros se a nova situación o permite.

### Recursos dixitais

- Ordenador: busca de información, visionado de pequenos fragmentos de documentais ou películas, exercicios interactivos; audicións de contos, cancións, refráns...
- Libro dixital: os alumnos poderán reforzar ou ampliar os contidos estudados utilizando os recursos dixitais dispoñibles.
- Recursos dixitais para o profesorado, que acompañan á proposta didáctica, e para o alumnado, cos que poderán reforzar e ampliar os contidos estudados.
- Presentacións e traballos preparados polo profesorado para complementar as explicacións de contidos novos.
- Webs educativas.

- En caso de ter que voltar á educación a distancia, utilizaríamos tamén o Aula Virtual, o correo electrónico e AbalarMóbil.

## **EDUCACIÓN FÍSICA**

### **Materiais didácticos**

Material específico da área: todo o recollido no Inventario de EF, máis o que se vaia elaborando ao longo do curso con material de refugallo. Entre outros:

Gran material: porterías fútbol-sala, canastas, escaleira de braquiación, redes,...

Pequeno material: aros, colchonetas, pelotas variadas, picas, conos, cordas, freesbes, petos, raquetas, discos saltaríns,...

No tocante aos materiais e a COVID-19:

- Evitar, na medida do posible, o uso de materiais compartidos durante a actividade. Se isto non fora posible, establecerase o mecanismo de desinfección correspondente.
- É posible que, puntualmente, se pida algún material básico para uso individual.

Material do alumnado: ás clases de Educación Física acudirán con chándal ou roupa cómoda de algodón(...) e calzado deportivo axeitado á práctica deportiva.

É necesario que os días de EF traian unha botella de auga.

Aseo:

- Non será realizado como se viña facendo ata o de agora.
- Non é necesario traer bolsa de aseo.
- Non é necesario ter unha bolsa con outras zapatillas na aula.

### **Recursos físicos: instalacións:**

Os espazos habilitados no centro para a Educación Física son:

- Espazosabertos exteriores: patio de recreo no que se inclúen pistas polideportivas, zona de xogos no chan e zonas verdes.
- Espazos pechados (ximnasio): utilizarase en caso necesario se o tempo non o permite no exterior.
- o Utilizaranse desinfectantes, ventilación axeitada mantendo as ventás abertas, segundo a normativa dos protocolos publicados.

- Limpeza e desinfección dos materiais empregados na sesión a responsabilidade do profesorado executor.
- Caixas estanco de materiais a empregar por cada unha das aulas e posterior desinfección e cuarentena para que poidan ser utilizados en sesións posteriormente.
- Disporase de papeleiras de pedal, xel hidroalcolico e panos desbotables.

## 7.- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

**CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN-** Aparecen na táboa do punto 4 para cada unha das áreas.

### **CRITERIOS SOBRE A CUALIFICACIÓN:**

#### **LINGUA CASTELÁ**

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CALIFICACIÓN
Observación do grao de interese e participación	30%
Tarefas realizadas na clase.	20%
Presentación dos traballos.	20%
Probas orais e escritas.	30%

#### **LINGUA GALEGA**

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CALIFICACIÓN
Observación do grao de interese e participación	30%
Tarefas realizadas na clase	20%
Presentación dos traballos	20%
Probas orais e escritas	30%

#### **MATEMÁTICAS**

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CALIFICACIÓN
---------------------------	----------------------------

Observación do grao de interese e participación	30%
Tarefas realizadas na clase	20%
Presentación dos traballos	20%
Probas orais e escritas	30%

### CIENCIAS NATURAIS

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CALIFICACIÓN
Observación do grao de interese participación	30%
Tarefas realizadas na clase	20%
Presentación dos traballos de investigación.	20%
Probas orais e escritas	30%

### CIENCIAS SOCIAIS

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CALIFICACIÓN
Observación do grao de interese e participación	30%
Tarefas realizadas na clase	20%
Presentación dos traballos de investigación.	20%
Probas orais e escritas	30%

### LINGUA ESTRANXEIRA

A cualificación será consecvente co grado de adquisición das competencias do alumno/a, a través de todas as actividades que se desenvolvan:

	Criterios
Traballo autónomo Producións orais Producións escritas Producións musicais	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realización sen axuda externa.</li> <li>• Estimación do tempo invertido para desenvolver unha actividade.</li> <li>• Grado de adquisición de aprendizaxes básicos.</li> <li>• Orden e limpeza na presentación.</li> <li>• Caligrafía.</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Destrezas.</li> <li>• Revisión do traballo antes de dalo por rematado.</li> <li>• Valoración do traballo propio.</li> </ul>
<p>Probas orais e escritas e cuestionarios :</p> <p>Comprensión oral.</p> <p>Expresión oral.</p> <p>Comprensión escrita.</p> <p>Expresión escrita.</p> <p>Vocabulario</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Valoración da aprendizaxe dos contidos.</li> <li>• Valoración dos procesos seguidos e resultados.</li> <li>• Expresión oral do procedemento seguido ao resolver unha actividade. Coherencia e adecuación.</li> <li>• Valoración do tempo invertido/tempo preciso para resolver unha actividade.</li> <li>• Orde, limpeza e estrutura das probas escritas.</li> <li>• Caligrafía lexible.</li> <li>• Tempo de realización.</li> <li>• Destrezas.</li> </ul>
<p>Actividades TIC.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Uso adecuado e guiado do ordenador e de algunha ferramenta.</li> <li>• Utilización de Internet, de forma responsable e con axuda, para buscar información sinxela ó resolver una actividade.</li> <li>• Tipo de participación (autónomo, con apoio, ningunha).</li> <li>• Grado de elaboración da resposta.</li> <li>• Interese, motivación.</li> </ul>
<p>Participación e seguimento das clases (intervencións orais, tipo de resposta...).</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Nivel e calidade das intervencións.</li> <li>• Mensaxe estruturada.</li> <li>• Uso de vocabulario apropiado.</li> <li>• Seguimento de pautas para intervir oralmente, respecto polas intervencións dos/as compañeiros/as</li> <li>• Esfuerzo, atención e interese.</li> </ul>

Traballo cooperativo. Valoración individual e grupal.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Capacidade de traballo cooperativo.</li> <li>• Grado de comunicación cos compañeiros.</li> <li>• Resolución de conflitos.</li> <li>• Interese, motivación</li> <li>• Iniciativa.</li> <li>• Opinión persoal do traballo e como se levou a cabo.</li> </ul> Avaliación e autoavaliación.
Dossier de traballo individual.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Presentación clara e ordenada.</li> <li>• Actualizado.</li> </ul>

Para adxudicar a nota ao final do curso terase en conta o establecido nos estándares de aprendizaxe e a súa pertenza a un determinado bloque, dándolle especial importancia ao traballo persoal, á realización de tarefas e a participación nas actividades, así como ao interese e actitude amosados.

Bloques	Peso	Procedementos	Peso
Comprensión oral.	30%	Intercambios orais cos alumnos  Análise das producións dos alumnos  Observación sistemática  Probas específicas, obxectivas e cuestionarios	40%  30%  20%  10%
Expresión oral.	30%		
Comprensión escrita	20%		
Expresión escrita.	10%		
Coñecemento da lingua	10%		

### EDUCACIÓN MUSICAL

A cualificación será consecvente co grado de adquisición das competencias do alumno/a, a través de todas as actividades que leve a cabo:

	Criterios
--	-----------

**PROGRAMACIÓN ANUAL DO 2º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

CEIP O CASTIÑEIRO - CURSO 2022-2023

<p>Traballo autónomo Producións orais Producións escritas Producións musicais</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realización sen axuda externa.</li> <li>• Estimación do tempo invertido para desenvolver unha actividade.</li> <li>• Grado de adquisición de aprendizaxes básicos.</li> <li>• Orden e limpeza na presentación.</li> <li>• Caligrafía.</li> <li>• Destrezas.</li> <li>• Revisión do traballo antes de dalo por rematado.</li> <li>• Valoración do traballo propio.</li> </ul>
<p>Cuestionarios Comprensión oral.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Valoración da aprendizaxe dos contidos.</li> <li>• Valoración dos procesos seguidos e resultados.</li> </ul>
<p>Expresión oral. Comprensión escrita. Expresión escrita. Vocabulario</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Expresión oral do procedemento seguido ao resolver unha actividade. Coherencia e adecuación.</li> <li>• Valoración do tempo invertido/tempo preciso para resolver unha actividade.</li> <li>• Orden, limpeza e estrutura das probas escritas.</li> <li>• Caligrafía lexible.</li> <li>• Tempo de realización.</li> <li>• Destrezas.</li> </ul>
<p>Actividades TIC.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Uso adecuado e guiado do ordenador e de algunha ferramenta.</li> <li>• Utilización de Internet, de forma responsable e con axuda, para buscar información sinxela ó resolver una actividade.</li> <li>• Tipo de participación (autónomo, con apoio, ningunha).</li> <li>• Grado de elaboración da resposta.</li> <li>• Interese, motivación.</li> </ul>
<p>Participación e seguimento das clases (intervencións, tipo de resposta...).</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Nivel e calidade das intervencións.</li> <li>• Mensaxe estruturada.</li> <li>• Uso de vocabulario apropiado.</li> <li>• Seguimento de pautas para intervir oralmente, respecto polas intervencións dos compañeiros/as</li> <li>• Esfuerzo, atención e interese.</li> </ul>

Traballo cooperativo. Valoración individual e grupal.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Capacidade de traballo cooperativo.</li> <li>• Grado de comunicación cos compañeiros.</li> <li>• Resolución de conflitos.</li> <li>• Interese, motivación</li> <li>• Iniciativa.</li> <li>• Opinión persoal do traballo e como se levou a cabo.</li> </ul> Avaliación e autoavaliación.
Dossier de traballo individual.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Presentación clara e ordenada.</li> <li>• Actualizado.</li> </ul>

Para adxudicar a nota ao final do curso terase en conta o establecido nos estándares de aprendizaxe e a súa pertenza a un determinado bloque dándolle especial importancia ao traballo persoal, a realización de tarefas e a participación nas actividades, así como ao interese e actitude amosados.

Bloques	Peso	Procedementos	Peso
Escoita	30%	Intercambios orais cos alumnos	20%
Interpretación musical	30%	Análise das producións dos alumnos	40%
Música, movemento e danza	40%	Observación sistemática	10%
		Probas específicas, obxectivas e cuestionarios	20%
		Diario de clase	10%

## EDUCACIÓN PLÁSTICA

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CALIFICACIÓN
Observación do grao de interese e participación	30%
Tarefas realizadas na clase	40%
Presentación dos traballos	40%



## **EDUCACIÓN FÍSICA**

A avaliación farase tendo en conta o progreso do alumnado dun xeito global, prestando atención á evolución ao longo do proceso e identificando as dificultades e esforzo que o alumnado empregou para superalas.

Os criterios de avaliación aplicaranse dun xeito flexible e aberto mirando sempre no beneficio do alumnado.

A nota de cada trimestre será a correspondente a media das notas das diferentes UD traballadas.

Para determinar a nota trimestral do alumnado establécense os seguintes criterios de cualificación que se relacionan directamente cos criterios de avaliación da normativa (engloban aos diferentes estándares de aprendizaxe da área).

A nota final obterase ponderando as notas das tres avaliacións.

<b>ÁMBITO</b>	<b>CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN</b>	<b>PORCENTAXE</b>
Cognitivo	Comprensión e asimilación de conceptos das UD traballadas (Adquisición de contidos)	20%
Motriz	Realización e execución da actividade física. (Práctica)	30%
	Esforzo e interese ante o traballo. (Participación)	20%
Afectivo- Emocional	Cumprimento das normas da área.	15%
	Asistir co material axeitado e hábitos de hixiene.	15%

## **RELIXIÓN CATÓLICA:**

- ☐ Intercambios orais cos alumnos: 45,5%
- ☐ Cuestionarios: 30,4%

- Análise das producións: 23,1%
- Observacións sistemáticas: 1%

### VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CALIFICACIÓN
Observación do grao de interese e participación	30%
Tarefas realizadas na clase	40%
Presentación dos traballos	30%

### PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Ao finalizar cada un dos cursos, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A **decisión será adoptada de forma colexiada, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.**

O alumno ou a alumna accederá ao curso ou á etapa seguinte sempre que se considere que logrou a progresión adecuada nos obxectivos da etapa e que alcanzou o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes.

*Acórdanse como criterios de promoción os seguintes:*

- alumnado con 2 materias pendentes, **promociona** de curso.
- alumnado con 3 materias pendentes, non instrumentais, **promociona**.
- alumnado con 3 materias pendentes, sendo 2 instrumentais, **non promociona**.

(As asignaturas instrumentais son as linguas oficiais e as matemáticas).

Coas seguintes excepcións:

Promocionarán:

\* Se a calificación fora negativa en máis de dúas áreas, pero existisen razóns e indicios que aconsellen a promoción do alumnado por dispor de capacidade suficiente, pero o seu rendemento non foi o axeitado debido a motivacións externas ao proceso educativo, como:

- enfermidade que lle impide unha escolarización normalizada.
- problemas familiares puntuais.
- violencia ou acoso sobreel/ela.

\* Por ter unas características persoais que puideran facer recomendable a súa continuidade cos compañeiros/as en caso de habilidades sociais, complexo de inferioridade, timidez,... Nestes casos priorízase a súa integración social, diante da imposibilidade de lograr un progreso suficiente en contidos máis conceptuais.

Antes de levar a cabo a decisión de promoción deberanse establecer uns pasos:

- O alumnado debeu ser obxecto de diversas medidas de atención á diversidade.
- Informar ás familias con antelación mínima dun mes da posibilidade da non promoción.

### 8.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

INDICADOR DE AVALIACIÓN		NIVEIS DE LOGRO				OBSERVACIÓNS	VARIACIÓNS, PROPOSTAS DE MELLORA
		A	B	C	D		
<b>UNIDADES DIDÁCTICAS,</b>	Adecuación do deseño dos elementos						

**PROGRAMACIÓN ANUAL DO 2º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA**  
CEIP O CASTIÑEIRO - CURSO 2022-2023

<b>TEMAS OU PROXECTOS</b>	currículo.							
	Adecuación da secuenciación dos estándares.							
<b>TEMPORALIZACIÓN</b>	Respetouse a secuenciación e temporalización previstas.							

	Adecuación da secuencia de traballo na aula.							
<b>METODOLOXÍA</b>	Hai variedade de actividades propostas.							
	Foméntase a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno/a.							
	Formula diferentes tipos de agrupamentos.							
	Detalláronse todos os recursos didácticos necesarios para o desenvolvemento da programación.							
	Adecuación dos materiais didácticos empregados.							
	As estratexias metodolóxicas seleccionadas son as adecuadas.							
	Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.							

**PROGRAMACIÓN ANUAL DO 2º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA**  
CEIP O CASTIÑEIRO - CURSO 2022-2023

	Utilización de diversos instrumentos de avaliación.						
	Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.						
<b>AVALIACIÓN</b>	Inclúe os criterios de cualificación.						
	O alumno/a sabe “o que se espera del”.						
	Adecuación dos mecanismos de información ás familias sobre os criterios de avaliación, estándares e instrumentos.						
	Adecuación dos mecanismos de información ás familias sobre os criterios de promoción.						
	Adóptanse medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe.						
<b>ATENCIÓN Á DIVERSIDADE</b>	Ofrécese resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe.						
	As medidas e recursos ofrecidos foron suficientes.						

Sendo A o nivel máximo e D o mínimo

## 9.- ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

A totalidade do alumnado promocionou, o curso pasado, sen materias pendentes.

## 10.- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS

AVALIACIÓN INICIAL (Orde do 9 de xuño de 2016 polo que se regula a avaliación e promoción do alumnado que curso educación primaria na (Comunidade Autónoma de Galicia).

Con anterioridade á sesión de avaliación inicial, o novo/a titor/a de cada grupo de alumnos/as como primeiro paso analizará as actas finais do curso anterior do grupo de alumnos/as e os informes individualizados dos mesmos.

A **persoa titora** preside a sesión e tanto ela como os outros mestres/as deberán plantexar concretamente aqueles casos e aspectos que requiran reflexión e adopción de medidas, tanto a nivel de grupo como a nivel individual, cara a operatividade da sesión.

**Avaliaranse** as medidas de atención á diversidade adoptadas analizando en cada caso o programado e a súa execución, así como os resultados observados e rexistrados ata o momento, de xeito que se poida programar o traballo a seguir.

**Os instrumentos de avaliación** serán fundamentalmente listaxes de control e listas de verificación, e a análise da actividade na aula. Na primeira quincena de clases, durante o mes de setembro, realizaranse diferentes probas, para avaliar o estado dos coñecementos do alumnado e marcarnos o punto de partida do noso traballo. Estas probas faranse tendo en conta os estándares do curso anterior e serán o punto de referencia para a toma de decisións nas programacións de aula.

Dado que estas sesións constitúen **reunións do equipo docente do grupo máis o/a titor/a do curso anterior** é o momento para que o profesorado intercambie

información e poña en coñecemento da persoa titora os avances, dificultades, etc, que se consideren relevantes.

A persoa titora rexistrará no **XADE** os temas abordados, o alumnado sobre o que se faga especial mención, a valoración do traballo realizado tanto por parte do/a titor/a como do profesorado do grupo, así como para a adopción das medidas ordinarias ou extraordinarias que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno.

## 11.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A continuación establécese o xeito no que se atende á diversidade na aula nas diferentes materias, entendendo como tal non só ao alumnado con NEAE OU NEE, senón o feito de atender a cada alumno/a segundo as súas características persoais.

**MEDIDAS ORDINARIAS:** (A nivel de centro séguese unha serie de Protocolos elaborados para a intervención na diversidade da aula (TDAH, Trastornos Lectoescritores, TEA, Conduta).

Dentro destas establecemos dous grandes grupos:

<b>ORGANIZATIVAS</b>	<b>CURRICULARES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>● Adecuación para o alumnado ou grupo da estrutura organizativa do centro e/ou da aula:                             <ul style="list-style-type: none"> <li>○ metodoloxía</li> <li>○ organización na aula</li> <li>○ tempos diferenciados,</li> <li>○ horarios específicos,...</li> <li>○ espazos diferenciados</li> </ul> </li> <li>●● materiais e recursos didácticos diferenciados</li> <li>Desdobramentos de grupos</li> <li>Reforzo educativo e /ou Apoio de profesorado na aula</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Adaptacións metodolóxicas para algún alumno/grupo: traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos,...</li> <li>● Adaptación dos tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno.</li> <li>● Programas de reforzo para o alumnado que tivo promoción sen superar todas as materias.</li> </ul>

### MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

ORGANIZATIVAS	CURRICULARES
<ul style="list-style-type: none"> <li>● Alumnado que recibe apoio por parte do profesorado especialista en PT/AL</li> <li>● De ser o caso, grupos de adquisición das linguas</li> <li>● (para o alumnado estranxeiro)</li> <li>● De ser o caso, grupos de adaptación da competencia curricular (alumnado estranxeiro)</li> <li>● Outras medidas organizativas: escolarización domiciliaria, escolarización combinada,...</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Adaptacións curriculares na materia, de ser o caso, agrupamento flexible ou específico autorizado na materia.</li> <li>●● Alumnado con flexibilización na escolarización</li> <li>● Coordinación co profesorado que comparte co titor/a a materia, os reforzos, apoios, adaptación, ... (coordinación cos PT/AL, outro profesorado de apoio, profesorado do grupo, ...) para seguemento do alumnado.</li> </ul>

Todas estas medidas reflítense concretadas no PAD do centro elaborado polo Departamento de Orientación do centro.

## 12.- CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO

É preciso integrar dentro da programación unha serie de elementos, de temas ou de contidos relacionados con todas as áreas e que sexan a base dos aspectos culturais e sociais relevantes e valores que deben prevalecer nun sistema democrático.

Os contidos non aparecen asociados a ningunha área, senón a todas elas, e en todos os seus elementos.

As cuestións ou problemas que integran estes contidos teñen unha importante significación social. Están sendo constantemente reclamadas pola sociedade para que sexan incorporadas á acción educativa, sendo esta un dos eixes máis importantes de formación dos alumnos e alumnas.



A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballarase en todas as disciplinas.

Fomentarase a calidade, equidade e inclusión educativa das persoas con discapacidade, a igualdade de oportunidades e non-discriminación por razón de discapacidade, medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas, adaptacións curriculares, accesibilidade universal, deseño para todas as persoas, atención para a diversidade e todas aquelas medidas que sexan necesarias para conseguir que o alumnado con discapacidade poida acceder a unha educación de calidade en igualdade de oportunidades.

Por outra banda, promoverase o desenvolvemento dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, e dos valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non-discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

A nivel de aula e de centro, promoveranse a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e a prevención de calquera tipo de acto violento.

Incorporaranse elementos curriculares relacionados co desenvolvemento sostible e o medio ambiente.

Debido a gran presenza e influencia que teñen as novas tecnoloxías da información e comunicación na vida do alumnado vémonos na obriga de abordar as posibles situacións de risco derivadas da utilización das mesmas.

Traballárase o valor do esforzo como medio para o afianzamento do espírito emprendedor. A tal fin, promoveranse actividades que permitan desenvolver aptitudes como a creatividade, autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

Por último, no ámbito da educación e seguridade viaria, organizaranse, actividades para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, co fin de que o alumnado coñeza os dereitos e deberes como usuario/a das vías, en calidade de peón ou peoa, persoa viaxeira e persoa condutora de bicicletas, respecte as normas e os sinais, e de que se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións axeitadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

### 13.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS

A realización de actividades complementarias e extraescolares queda pendente da evolución da pandemia.

De tódolos xeitos calquera actividade que se organice será sempre no marco do Plan de adaptación Covid-19 para o noso centro.

### 14.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN, MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

A reflexión e valoración da programación e o seu desenvolvemento, a través da **revisión** dos indicadores de logro (expostos no punto 8), permitirá o seu axuste co fin de establecer estratexias para mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe e o seu resultado.

A **avaliación** levarase a cabo ó rematar cada unidade e/ou cada trimestre, recollendo as **modificacións e melloras** que se consideren oportunas, para incluír na programación do curso seguinte.